

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/11/2020 10:46:04

SAIDA 13105/20

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 98/2020**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 24 de agosto de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 27 de outubro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 24 de agosto de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, pola desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, sobre a autorización concedida ó Concello de Lousame, por parte de Augas de Galicia, para executar a construción dun sendeiro ás beiras do Río Lobo (tamén coñecido como Río Tállara), do dito termo municipal.

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa petición.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 2 de setembro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Infraestruturas e Vivenda para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 4 de setembro de 2020, sen que se recibise a copia do expediente e o informe solicitado.

Terceiro. Con data do 17 de setembro de 2020 o interesado remite escrito no que comunica que con data do 17 de setembro de 2020, recibiu contestación de Augas de Galicia á súa petición de información e que considera que a información non cumpre co solicitado, por canto solicitou copia íntegra e completa, do expediente DH.W15.61793, que comprende tanto a tramitación inicial do expediente (do que é coñecedor que foi denegada) como a todas as alegacións posteriores que levaron ata a súa aprobación final, e todos os informes solicitados a outros servizos da Administración, e a información recibida non é mais que a autorización que foi enviada o día 7 de decembro de 2019 ao Concello de Lousame, onde se resumen os pasos que se deron dende a solicitude inicial ata a autorización final.

Afirma o reclamante que non recibiu a copia da solicitude inicial formulada polo concello con data do 06/04/2018, a copia da solicitude realizada por Augas de Galicia ao Servizo de Conservación da Natureza da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente do 12 de abril de 2018, a copia do informe desfavorable emitido polo Servizo de Conservación da Natureza da Xefatura Territorial do 21 de agosto de 2018, a copia da comunicación realizada por Augas de Galicia ao Concello de Lousame onde se informa da denegación da solicitude con data do 5 de novembro de 2018, a copia das alegacións enviadas polo Concello de Lousame con data do 11 de outubro de 2019, a copia da solicitude realizada por Augas de Galicia ao Servizo de Patrimonio Natural de data con data do 28/20/2019 (debe entenderse que hai un erro na data e corresponde ao mes de novembro), a copia do informe realizado polo Servizo de Patrimonio Natural que foi recibido por Augas de Galicia con data do 25 de novembro de 2019, o informe favorable emitido polo enxeñeiro de Augas de Galicia con data do 2 de decembro de 2019, nin a copia da proposta de resolución favorable emitida polo xefe do servizo territorial de Augas de Galicia.

Cuarto.- Con data do 22 de outubro de 2020, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda remite informe no que comunica que o 17 de setembro de 2020, Augas de Galicia remitiu ao interesado unha comunicación remitindo copia da resolución do expediente no que se lle indica que, de consideralo oportuno, podería consultar todo o expediente e obter copia dos documentos contidos nel.

Con data do 29 de setembro de 2020, o interesado realiza o trámite de vista do expediente e retira copia da documentación solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse

unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas administracións das comunidades autónomas e o seu sector público, e polas entidades locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as comunidades autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se



toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, polo que tendo presentado o interesado a súa reclamación con anterioridade á resolución, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

As resolucións de concesión de acceso á información pública, unicamente son conformes coa normativa en materia de transparencia, se efectivamente se proporciona toda a información solicitada polo interesado, ou se denega ou inadmite de forma motivada a solicitude. Se a información á que se da acceso é tan só parcial, omitindo unha parte da mesma, a pesar de que o interesado era claro na súa solicitude, debe motivarse e xustificarse de forma clara que

parte da información se omite, e cales son as razóns que xustifican esa omisión. No presente caso, ao interesado se lle remitiu a resolución do expediente, e se lle deu trámite de audiencia para consultar o expediente completo e obter copias, trámite que o interesado realizou.

De acordo co anterior, procede a estimación por motivos formais da reclamación presentada, ao ter satisfeito o interesado o seu dereito de acceso, aínda que despois de ter presentada a reclamación ante esta Comisión.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda non resolveu en prazo a solicitude de acceso á información do interesado, polo que debe lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 24 de agosto de 2020, contra a desestimación por silencio administrativo inicialmente e contra resolución expresa posterior, da súa solicitude de acceso á información ante Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, sobre a autorización concedida ó Concello de Lousame, por parte de Augas de Galicia, para executar a construción dun sendeiro ás beiras do Río Lobo.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)

Fecha: 2020.10.29 17:56:20 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia